



## Concello de Cospeito

### **BASES PARA A SELECCIÓN DO/A DIRECTOR/A DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "CAMIÑO DA CHAIRA IX"**

#### **Primeira .- Obxecto.**

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A), , establecer o sistema, requisitos, baremos ou probas que se aplicarán na selección do persoal directivo que participará no obradoiro de emprego "Camiño da Chaira IX", promovido polo Concello Cospeito en colaboración cos Concellos de Castro de Rei e Outeiro de Rei e subvencionado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Posto convocado: 1 posto de director/a

#### **Segunda.- Características dos contratos de traballo**

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora coa persoa candidata seleccionada será mediante a modalidade de funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal a xornada completa, cunha duración de nove meses.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

#### **Terceira- Funcións do posto de traballo**

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ao posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

- Coordinación xeral do obradoiro de emprego, garantindo que se cumpran os obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do obradoiro de emprego de conformidade co plan formativo do proxecto e os respectivos certificados de profesionalidade.
- Realizar/supervisar, en coordinación co persoal docente, as planificacións didácticas e as avaliacións.
- Determinar, en coordinación co persoal docente, os medios e materiais didácticos a empregar.
- Supervisar a formación do alumnado-traballador e a labor educativa do persoal docente.
- Superior dirección do persoal, controlando que cumpran coas súas obrigas, especialmente aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral, encargando ao resto de persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.
- Responsabilizarse de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais e a outra formación complementaria programada.
- Encargarse da parte administrativa e de xestión do obradoiro e das memorias periódicas e finais a presentar ante a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración mediante a plataforma FORMAN ..
- Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas pola entidade promotora.

#### **Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.**

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
- Ter os coñecementos e a experiencia necesarios para desenvolver as funcións definidas anteriormente.
- Estar en posesión da titulación de Arquitecto ou Enxeñeiro (grao en Arquitectura/grao en Enxeñería ou equivalentes).
- , e ter unha experiencia laboral mínima de 12 meses como director de obradoiros de emprego nos últimos dez anos.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título.

- Acreditar coñecemento Lingua Galega: Estar en posesión do Celga 4 ou equivalente (soamente se consideraran as titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e/ou expedidos pola Consellería competente en materia educativa)
- Acreditar a competencia docente mediante o certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego. Estarán exentas de esta acreditación aquelas persoas que cumpran o disposto no artigo 168.5 do Real decreto 659/2023, de 18 de xaneiro, polo que se desenvolve a ordenación do sistema de formación profesional.
- Estar en posesión do permiso de conducir clase B e dispoñer dun vehículo para o desenvolvemento do posto de traballo.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

### Quinta.- Baremo

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

l) Experiencia profesional/docente:

- ✓ Experiencia profesional en postos de traballo relacionados coas funcións do posto (direccións de obradoiros de emprego; direccións de obra e demais funcións propias dos módulos a desenvolver sempre que constitúan a adicación principal do posto de traballo ou da actividade profesional): 0,10 puntos por cada mes completo de traballo ata un máximo de 6,0 puntos.

O período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A puntuación máxima no apartado de experiencia profesional/docente é de 6,puntos.

A experiencia profesional acreditarase:

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

✓ no caso de traballador/a por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.

✓ no caso de traballadores/as autónomo/as: mediante certificación de vida

laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de

alta no IAE. Ademais xustificarse o traballo efectivo no período de alta na

seguridade social con facturas ou calquera outro medio válido en dereito onde consten os servizos prestados. O Tribunal poderá esixir documentación complementaria para acreditar a natureza dos traballos realizados.

✓ no caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, serán valorados:

✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 30 horas: 0,10 puntos.

✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 50 horas: 0,25 puntos.

✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 100 horas: 0,50 puntos.

✓ Por cada curso de duración igual ou superior a 300 horas: 0,60 puntos.

Cursos específicos de prevención de riscos laborais (Soamente valorarase o curso de maior duración, sendo a puntuación máxima a obter de 1 punto)

✓ Curso básico de prevención de riscos laborais de 35 horas ata 60 horas: 0,25 puntos.

✓ Curso de nivel medio de prevención de riscos laborais de 300 horas: 0,50

puntos.

✓ Curso de nivel superior de prevención de riscos laborais de 600 horas: 1,00 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou materias integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Posgrao. Tampouco serán valorados, módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

A puntuación máxima no apartado de cursos é de **3 puntos**.

### Sexta.- Oferta de emprego

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

Unha vez constituído o tribunal de selección, e aprobados os criterios de selección das persoas candidatas que van participar no obradoiro de emprego, presentarase a oferta na oficina de emprego de Vilalba, para a súa tramitación, establecéndose como parámetros da sondaxe os seguintes:

- **Ámbito xeográfico:** Concellos de Cospeito, Castro de Rei, e Outeiro de Rei. De non atoparse candidatas ampliarase aos concellos limítrofes ata acadarse o número máximo de 3 candidatas/as. Se non se acadan eses 3 candidatas/as ampliarase a sondaxe ao ámbito provincial ou autonómico. Paralelamente, a oferta será obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia durante un período de dous días.
- **Número de postos:** 1
- **Número de candidatas a remitir:** 3 candidatas por posto, na medida do posible.
- **Ocupacións ou postos de traballo relacionados:** Arquitecto ou Enxeñeiro (grao en Arquitectura/grao en Enxeñería ou equivalentes).
- **Requisitos:** Segundo as bases.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

A oficina de emprego remitirá ao tribunal a relación das persoas candidatas resultado da oferta, na medida do posible, tres por posto.

Realizada a preselección de candidaturas polas oficinas de emprego, a entidade promotora comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo de presentación da documentación acreditativa dos seus méritos.

A entidade promotora deberá informar á oficina correspondente da finalización do proceso selectivo co fin de proceder ao peche da oferta correspondente.

**As persoas candidatas deberán presentar a documentación que acredita os méritos o día 18 de maio de 2026 as 11:30 na Casa Consistorial do Concello de Cospeito.**

A valoración dos méritos terá lugar as 10:30 horas do día 20 de maio de 2026 na Casa Consistorial do Concello de Cospeito.

### Sétima- Órgano de selección e Procedemento de selección

#### 7.1 Órgano de selección

O órgano de selección, titulares e suplentes, será nomeado por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, axustándose ao disposto no artigo 60 do Texto refundido da lei do estatuto do empregado público.

A totalidade dos seus membros, deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

O órgano de selección estará integrado por:

---

### Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

**Presidente:** Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

**Vocais:** Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

**Secretario.** Un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso da praza convocada.

No caso de non contar co número de funcionarios ou persoal propio da Corporación suficiente para formar tribunal acudirase a outra Administración Pública.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano colexiado, levantándose acta de todas aquelas reunións que manteña. A actuación do órgano de selección deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria. Non obstante, queda facultado para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A composición do órgano de selección, titulares e suplentes, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

Os membros do órgano de selección deberán absterse de formar parte do mesmo, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes nos termos establecidos no artigo 24 da citada lei.

### **7.2 Procedemento de selección**

As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos.

O tribunal procederá a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto na base 5ª, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base quinta. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 9 puntos.

Finalizado o proceso de selección, o tribunal procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento; puntuacións que virán dadas pola valoración de méritos e determinarán a orde de prelación das persoas candidatas para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

As persoas candidatas que na data do remate do proceso selectivo, estivesen prestando servizos a tempo completo nun obradoiro de emprego, non poderán ser propostos para a súa incorporación ao novo proxecto, polo que pasarán a integrar a lista de reserva, ocupando o lugar que lles corresponda conforme á puntuación obtida no dito proceso de selección.

Finalizada a valoración, o tribunal de selección procederá ao establecemento das puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

### Oitava- Admisión

A entidade promotora estará obrigada a contratar á persoa que sexa proposta polo tribunal atendendo as puntuacións finais, sempre e cando cumpra cos requisitos que figuran nestas bases.

A tal efecto, a persoa seleccionada deberá presentar no Concello de Cospeito e no prazo máximo de dous días hábiles a contar dende a data de comunicación da resolución pola que se traslada a condición de seleccionado/a a seguinte documentación:

-Tarxeta da seguridade social.

-Informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desempeño do posto de traballo.

-1 fotografía tamaño carné.

- Declaración xurada de non atoparse ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.

-Orixinais ou copias cotexadas, no caso de non estar presentados con anterioridade, da documentación requirida para optar ao posto e dos méritos alegados.

-Número de conta bancaria co código IBAN (24 caracteres) da que sexa titular a persoa seleccionada para o ingreso das correspondentes nóminas.

Non obstante o anterior, si a persoa candidata proposta para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o tribunal propoñerá a aquela persoa candidata que acadase a seguinte mellor puntuación final. No suposto de que xa non quedasen aspirantes que superasen o proceso selectivo, procederíase a iniciar un novo procedemento selectivo, axustándose a estas bases.

### Novena.- Incidencias e reclamacións.

As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o tribunal para a selección no prazo de 2 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo tribunal, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

### Décima - Publicidade das bases:

Estas bases unha vez aprobadas serán remitidas e expostas ao público nos taboleiros de anuncios das oficinas de de Vilalba, así como nos taboleiros de anuncios da entidade

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

promotora e dos Concellos de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, para a súa exposición pública.

### Décimo primeira.. -**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

<b>INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS</b>	
<b>Responsable</b>	Concello de Cospeito.
<b>Finalidade do tratamento</b>	Tramitación da solicitude do obradoiro avaliación da documentación presentada, xestión do proceso e realización dos trámites derivados del.
<b>Lexitimación</b>	Cumprimento dunha misión realizada en interese público conforme o disposto no artigo 6.1.e) do Regulamento xeral de protección de datos (RXPd), con base no disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e fundamentada nun interese público esencial (artigo 9.2.g) do RXPd).
<b>Comunicación de Datos</b>	Os datos persoais poderán ser comunicados ás administracións públicas e organismos competentes que participen na xestión, seguimento, control e avaliación do obradoiro de emprego, así como aos que teñan atribuídas competencias en materia de emprego, formación e políticas activas de emprego, cando resulte necesario para o cumprimento das finalidades do tratamento. Igualmente, poderán ser obxecto de publicación nos medios oficiais ou taboleiros de anuncios que resulten legalmente procedentes, de acordo coa normativa vixente.
<b>Dereitos</b>	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outro dereito que lle correspondan dirixin do a súa solicitude a O Concello de Cospeito a través da sede electrónica do Concello de Cospeito ou nas Oficinas Xerais
<b>Información adicional</b>	Pode consultar máis información <a href="https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1">https://concellodecospeito.sedelectronica.es/privacy.1</a>

### ANEXO 1

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

### SELECCIÓN DO PERSOAL, DIRECTOR PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA IX” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI, OUTEIRO DE REI E COSPEITO

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA O PERSOAL DIRECTIVO,

Nome e apelidos:	DNI:
Teléfono móbil:	
Correo electrónico:	
Enderezo postal:	
Concello:	

Expoño:

Que coñezo e acepto as BASES PARA A SELECCIÓN PERSOAL DIRECTOR PARA O OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “CAMIÑO DA CHAIRA IX” PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE CASTRO DE REI, OUTEIRO DE REI E COSPEITO

Que me dou por enterado/a de que o obradoiro dual de emprego “CAMIÑO DA CHAIRA IX” é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, promovido polos concellos de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito, subvencionado pola Consellería de Emprego ,Comercio e Emigración

Que estou interesado/a en participar no proceso selectivo de:

#### a.- PROCESO SELECTIVO DE DIRECTOR (XORNADA COMPLETA)

Que achego a documentación relativa á identidade, requisitos e baremo que figura na relación anexa.

Que declaro baixo a miña responsabilidade o seguinte:

- Teño nacionalidade española. De non ser o caso, indique cal .....
- Teño máis de 18 anos e non supere a idade de xubilación.
- Non padezo enfermidade nin estou afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

- Non fun separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública e non estou inhabilitado/a para o desempeño das funcións públicas.

Por todo o anterior, SOLICITO

A vostede, me teña en conta para a participación no proceso selectivo.

Cospeito, ..... de ..... de 2026

### DOCUMENTACIÓN:

- DNI
- PERMISO DE CONDUCIR B
- CELGA
- RELACIÓN DE MÉRITOS
- DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CUMPRIMENTO DE REQUISITOS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

- DOCUMENTACIÓN RELATIVA A BAREMO
- Informe de vida laboral
- Relación de documentos sobre contratos e experiencia laboral

POSTO	EMPRESA	DURACIÓN EN DÍAS (S/IVL)
-------	---------	--------------------------

- Relación de documentos sobre titulacións académicas

TÍTULO	IMPARTIDO POR	DURACIÓN EN HORAS
--------	---------------	-------------------

- Relación de documentos sobre accións cursos

TÍTULO	IMPARTIDO POR	DURACIÓN EN HORAS
--------	---------------	-------------------

(PODEN ENGADIR RELACIÓN COMPLEMENTARIA)

### Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102





## Concello de Cospeito

---

SRA. ALCALDE DO CONCELLO DE COSPEITO

---

**Concello de Cospeito**

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 3XTW4Q42P.IANTQWQHXY379FWQ  
Corrección: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 11





## Concello de Cospeito

---

---

## Concello de Cospeito

Avda. da Terra Cha, 29, Cospeito. 27377 (Lugo). Tfno. 982520001. Fax: 982520102

Cod. Validación: 3XTW4Q42P1ANTQWQHXY379FWQ  
Corrección: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

